

## A RESPONSABILIDADE NA CERTIFICACIÓN DA DEFUNCIÓN

CIG-Saúde solicita reunión co Xerente do SERGAS para falar dos certificados de defunción.

Desde a publicación do “Protocolo para a coordinación de actuacións nas defuncións e a súa certificación” temos múltiples consultas de profesionais con dúbidas sobre a emisión de certificados de defunción (CMD) nos casos nos que non se pode “reconstruír fiabelmente os mecanismos da morte”.

A sensación que se nos traslada é que o “Protocolo para a coordinación de actuacións nas defuncións e a súa certificación” **non responde ás necesidades das e dos profesionais da sanidade pública** á hora de certificar a morte senón á necesidade de **diminuír o número de mortes que se derivan á vía xudicial**.



### O “protocolo”:

- non establece os procedementos que garantan a **seguridade na certificación** nos casos de non poder determinar os mecanismos da morte,
- non define os procedementos nos que se pode **recorrer as autopsias clínicas**,
- **non deixa máis alternativa que certificar**, incluso nos casos nos que non se poidan acreditar os mecanismos da morte, **agás nos supostos concretos nos que se poida abrir a vía xudicial** mediante o anexo 3 “Parte de defunción ao xulgado de garda”.

O “Protocolo” recolle que *“Nos casos excepcionais en que, existindo a vontade de emitir o CMD, o facultativo teña dúbidas, poderá poñerse en contacto co médico forense de garda. Tamén poderá requirir a colaboración das FF.CC.S.E. se o considera necesario”* pero non establece os procedementos para facelo nin en que consiste esa colaboración.

CIG-Saúde entende que, **de non poder acreditarse os mecanismos da morte**, o persoal facultativo ten que ter unha **vía alternativa á certificación** que permita realizar unha investigación máis exhaustiva das causas da morte e que o CMD sexa emitido polos profesionais responsables desa investigación. **O persoal facultativo non ten por que asinar un certificado se non coñece cunha alta probabilidade a causa da morte.**



**É RESPONSABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN QUE A CERTIFICACIÓN DA DEFUNCIÓN SE FAGA CON GARANTÍAS PARA AS FAMILIAS E AS/OS PROFESIONAIS**

